



REGULAMENTO IX MOSTRA MUSICAL

INTRODUCCIÓN

O Eixo Atlántico convoca a novena edición da Mostra Musical do Eixo Atlántico coa finalidade de recoñecer, promover, premiar e difundir a práctica da Música, apoiando a aqueles/as músicos/as intérpretes que polo seu valor e interese poidan contribuír á difusión do gusto pola Música en Galicia e no Norte de Portugal, favorecendo a innovación, a calidade, a interacción e a renovación no panorama musical do Eixo Atlántico.

1. DATAS DE REALIZACIÓN

- 1.1. A convocatoria da Mostra é bienal, tendo lugar a novena edición durante a fin de semana do 23 e 24 de maio de 2026 en Vilalba.
- 1.2. O evento será aberto ó público en xeral.

2. CONDICIÓNES DE PARTICIPACIÓN

- 2.1. Poden participar na Mostra Musical novos intérpretes de música clásica e jazz, pertencentes ós municipios e entidades membro do Eixo Atlántico, que cursen estudos en Escolas Municipais de Música ou en Conservatorios Profesionais (no caso de Galicia) e Escolas Profesionais e Conservatorios (no caso do Norte de Portugal).
- 2.2. Categorías:
 - 2.2.1. Solistas – divididos/as en catro grupos en función da idade dos/as mesmos/as:
 - Grupo A: ata ós 10 anos
 - Grupo B: dos 11 ós 12 anos
 - Grupo C: dos 13 ós 15 anos
 - Grupo D: dos 16 ós 18 anos
 - 2.2.2. Agrupacións de cámara: compostos por un mínimo de 2 e un máximo de 6 integrantes.

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal





2.2.3. Agrupamentos maiores (orquestras, bandas, *ensembles*, etc.): compostos por un mínimo de 7 e un máximo de 120 integrantes.

2.3. Idade dos/as participantes:

2.3.1. No caso dos/as solistas será en función dos grupos mencionados na cláusula 2.2.1. Para efectos de inscrición na Mostra, considerarase a idade do/a participante a 31 de decembro de 2026.

2.3.2. No caso dos Agrupacións, a idade máxima dos/as integrantes será de 25 anos, non existindo idade mínima de participación. Para efectos de inscrición na Mostra, considerarase a idade dos/as participante a 31 de decembro de 2026.

2.3.3. A regra do límite de idades establecidas nos puntos anteriores non se aplica ás persoas executantes que participen unicamente en calidade de acompañantes de instrumento harmónico (p.e. piano), no caso dos solistas e coros, ou rexentes musicais (p.e. mestre), no caso dos agrupamentos, non podendo ser o seu desempeño artístico obxecto de avaliación por parte do xurado.

2.4. Selección dos/as participantes:

2.4.1. Cabe a cada municipio/entidade pertencente ó Eixo Atlántico realizar a selección dos/as participantes que o representará na Mostra, tendo en conta que os/as participantes deberán ser naturais, residentes ou estudantes no mesmo.

2.4.2. Cada municipio/entidade poderá presentar dúas inscricións fixas e dúas inscricións provisionais. No caso dos solistas, non se pode inscribir a mais dun participante no mesmo grupo de idade e no caso das agrupacións so se pode inscribir unha por categoría.

2.4.3. A aceptación das dúas inscricións provisionais quedará suxeita ó número total de participantes inscritos. Será o Secretariado Executivo de Educación quen decidirá sobre a admisión dunha, dúas ou ningunha das inscricións provisionais realizadas por cada municipio/entidade.

2.4.4. No caso da categoría de solistas, o/a alumno/a vencedor/a nun grupo de idade en edicións anteriores non poderá participar novamente nese grupo.



2.4.5. No caso das deputacións pertencentes ó Eixo Atlántico, para a selección dos/as participantes deberá terse en conta que os/as participantes terán que ser provenientes preferentemente de municipios que non se encontren xa inscritos na Mostra.

3. FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓNS

3.1. Os municipios/entidades deberán someter as súas inscricións enchendo o formulario directamente na páxina web do Eixo Atlántico, ata o día 28 de febreiro de 2026.

3.2. A inscrición só será dada como válida, mediante presentación dos anexos solicitados, referentes á seguinte documentación de cada participante:

- Certificado de matrícula do establecemento de ensino no que estudian no ano lectivo 2025-2026.
 - Se o certificado de matrícula non contén a data de nacemento, terán que presentar documento comprobante da idade dos/das participantes.
- Autorización asinada polo(a)(s) titor(a)(s) legais da persoa participante, no caso de ser menor.

3.3. O municipio/entidade, na presentación das súas inscricións, deberá indicar o contacto da persoa que tratará de todas as cuestións inherentes á súa participación coa organización, antes e durante a Mostra.

4. REPERTORIO

4.1. Os/As participantes interpretarán unha ou varias obras de escolla libre, cunha duración máxima de 10 minutos no caso dos solistas e 15 no caso das agrupacións. As obras deberán ser orixinais e, no caso de ter arranxos, a partitura deberá corresponder ó que é interpretado.

4.2. Os/As participantes que pasen á fase final non poderán interpretar a mesma obra interpretada na fase previa en ningunha das categorías.

4.3. Non se admitirá ningún tipo de música gravada, nin en soporte informático, salvo nas obras orixinais que o exixan.



- 4.4. Polo menos 1 mes antes da realización da IX Mostra Musical, os participantes deberán enviar as obras a interpretar na fase previa e na fase final, que a organización solicitará a través do formulario online.
- 4.5. Valorizarase positivamente que os/as participantes interpreten orixinais ou arranxos de compositores da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal

5. FASE PREVIA E FASE FINAL

- 5.1. Toda a organización da fase previa e da fase final dependerá do número final de participantes inscritos/as. As dúas fases terán lugar en Vilalba o fin de semana do 23 e 24 de maio de 2026, respectivamente.
- 5.2. A fase previa terá lugar o sábado, día 23 de maio, en horario de mañá e de tarde, dependendo do número total de participantes, en dous locais, cada un cunha mesa de xurado, composto de 3 persoas, dependendo do número total de participantes.
- 5.3. O anuncio por parte do xurado dos/as participantes seleccionados/as para a fase final terá lugar no sábado, día 23 de maio, no final do día tras todas as probas prestadas e a deliberación do xurado.
- 5.4. O xurado deberá seleccionar 3 finalistas por cada grupo e categoría, nun total de 18 finalistas – 12 solistas e 6 agrupacións (tres de cámara e tres maiores), isto é:
 - 5.4.1. 3 finalistas solistas do Grupo A
 - 5.4.2. 3 finalistas solistas do Grupo B
 - 5.4.3. 3 finalistas solistas do Grupo C
 - 5.4.4. 3 finalistas solistas do Grupo D
 - 5.4.5. 3 finalistas de agrupacións de cámara
 - 5.4.6. 3 finalistas de agrupacións maiores
- 5.5. A fase final terá lugar no domingo, día 24 de maio, en horario de mañá, e a entrega de premios pola tarde, o mais cedo posible, para facilitar o regreso dos/as participantes ós seus municipios.



- 5.6. Os/as vencedores/as dos premios serán anunciados na Cerimonia de Peche e Entrega dos Premios.
- 5.7. Todos/as os/as participantes poden asistir ás probas dos restantes, sen perturbar o normal decorrer das probas. Antes ou despois das súas probas, os/as participantes deberán manterse afastados dos espazos contiguos ós escenarios para evitar perturbacións de calquera tipo a quen está en proba.

6. PROBAS

- 6.1. Os/As participantes ou, no caso de ser menores de idade, os seus titores legais autorizan expresamente a gravación en audio ou vídeo a totalidade ou parte das súas interpretacións neste certame e ceden ao Eixo Atlántico os dereitos de edición da reprodución de tal gravación, autorizando o seu uso exclusivamente para fins divulgativos de forma gratuíta.
- 6.2. Os/As participantes inscritos/as nas categorías de solistas non poderán integrar as agrupacións e viceversa.
- 6.3. Os/As solistas e os coros poden ter acompañamento de instrumento harmónico, que deberán identificar no formulario de envío de partituras.
- 6.4. No caso das agrupacións maiores, en formacións musicais como orquestras, non hai lugar a acompañamento de instrumento harmónico, debendo nestes casos os seus executantes ser considerados/as integrantes da agrupación, inscritos/as como tal e ser a súa prestación artística obxecto de avaliación por parte do xurado.
- 6.5. Se o considera necesario e oportuno o xurado poderá interromper a realización da proba en calquera momento.
- 6.6. A organización comunicará con antecendencia a orde das probas dos/das participantes.
- 6.7. Proporcionarase ós/ás participantes algúns espazos para ensaiar antes das probas, para quen o solicitar. A información sobre os locais e os horarios dispoñibles será facilitada antes da realización da Mostra. Sempre que sexa posible, os escenarios onde decorren as probas **non serán usados para ensaios**.



7. XURADO

- 7.1. O xurado será composto por un número par de persoas (seis), metade das cales serán galegas e a outra metade portuguesas. Poderán ser propostas polas entidades colaboradoras da Mostra, entre expertos e músicos/as de recoñecido prestixio, co parecer favorable do Secretariado Executivo de Educación.
- 7.2. O xurado contará cun/cunha Presidente/a, elixido/a de entre os seus membros, que terá voto de calidade en caso de empates. Alén diso, contará tamén cun/cunha Secretario/a, con voz mais sen voto, que elaborará as actas das decisións do xurado.
- 7.3. O Secretariado Executivo de Educación designará membros suplentes do xurado, no caso en que un dos titulares teña algún contratempo.
- 7.4. O Secretariado Executivo de Educación establecerá un regulamento ó cal o xurado deberá remitirse para o desempeño do seu traballo.
- 7.5. As decisións do xurado serán inapelables.

8. PREMIOS

- 8.1. Atribuirase un premio ós/ás primeiros/as clasificados/as en cada categoría distribuídos da seguinte forma:
 - 8.1.1. Categoría solista do Grupo A - escultura do Eixo Atlántico e 400 euros
 - 8.1.2. Categoría solista do Grupo B – escultura do Eixo Atlántico e 600 euros
 - 8.1.3. Categoría solista do Grupo C – escultura do Eixo Atlántico e 800 euros
 - 8.1.4. Categoría solista do Grupo D – escultura do Eixo Atlántico e 1.000 euros
 - 8.1.5. Categoría Agrupamentos de Cámara – escultura do Eixo Atlántico e 1.500 euros
 - 8.1.6. Categoría Agrupamentos Maiores (orquestras, bandas, *ensembles...*) – escultura do Eixo Atlántico e 2.500 euros
- 8.2. O xurado poderá declarar desertos os premios que considere oportunos, así como poderá tamén atribuír mencións de honra.
- 8.3. Os premios poden ser atribuídos *ex aequo*, en calquera das categorías. Neste caso, o valor monetario do premio será dividido equitativamente polo número de vencedores/as.



- 8.4. Os valores dos premios mencionados encima estarán suxeitos á retención fiscal ou impostos correspondentes, de acordo coa lexislación vixente.
- 8.5. No caso das categorías de solistas, o/a alumno/a vencedor/a nun grupo de idade non poderá participar novamente nese grupo, nas edicións seguintes.
- 8.6. Todos/as os/as participantes na Mostra recibirán un Diploma de participación.
- 8.7. A entrega de premios realizarse no domingo día 24 de maio, durante a tarde, despois da deliberación do xurado, nunha cerimonia na que estarán presentes as autoridades e personalidades implicadas na organización e patrocinios da Mostra.
- 8.8. Os/as vencedores/as terán que estar presentes na cerimonia de entrega dos premios.

9. CASOS NON PREVISTOS

- 9.1. O Secretariado Executivo de Educación do Eixo Atlántico ou o Xurado da IX edición da Mostra Musical, cando o primeiro decida delegar no segundo, queda autorizado a resolver calquera excepción non prevista no presente Regulamento.